

HORA DE LER
***CLUBS DE LECTURA EN
CENTROS DE ENSINO
SECUNDARIO***

CURSO 2018/2019
Informe

Bibliotecas
escolares
de Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



INFORME DOS CLUBS DE LECTURA – CURSO 2018/2019


INTRODUCCIÓN

O **club de lectura** é unha actividade integrada no programa *Hora de ler* que promove a participación dun grupo de lectores e lectoras para compartir as súas experiencias coa lectura, coa mediación dunha persoa adulta.

Os clubs de lectura considéranse unha das fórmulas de maior interese para o fomento da lectura, en xeral, e entre os adolescentes en particular, porque inclúe varias das condicións necesarias para motivar aos lectores e lectoras destas idades: a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquedanzas, significados, emocións e opinións sobre as súas lecturas.

É unha práctica de socialización e creación de comunidades de intereses ao redor dos libros e da lectura, avalada por resultados moi positivos na creación de ambientes lectores nos centros e coa participación nalgúns casos de pais, nais e outros membros da comunidade escolar, sempre coordinados por un profesor ou profesora. Unha boa parte dos clubs de lectura albergan máis de un grupo de lectura, dado o elevado número de integrantes do club. Habitualmente estes grupos organízanse en función da idade ou nivel de ensinanza.

O presente informe foi elaborado a partir dos datos obtidos da valoración das 242 memorias presentadas polos Clubs de lectura dos centros educativos que se acolleron á convocatoria anual de **Clubs de Lectura, no curso 2018/2019**, para os centros de titularidade pública que imparten ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato (189 IES e 38 CPI, que suman o 93,8% do total), pero tamén EOI (9 das 11 existentes), Centros integrados de formación profesional (3), Escolas permanentes de Adultos (2) e un Conservatorio de Música.






ORGANIZACIÓN E PERIODICIDADE

No curso 18/19 constituíronse **903 grupos**, moderados por **717 profesores e profesoras**. O alumnado participante foi de aproximadamente **11.321** persoas. Ademais hai que engadir **85 clubs** de adultos que tamén formaban parte dos Clubs de lectura. En total, os clubs de lectura vincularon a máis de **12.000** persoas.


Os grupos reúnen fundamentalmente en **horario** non lectivo, nos recreos (157 clubs) pero tamén sobresaen aqueles grupos que se reúnen en horario extra-escolar (123 clubs). Un dos momentos máis recorridos é o tempo de mediodía, entre a clase da mañá e tarde que permite ao club comer e falar en torno aos libros. Poucos clubs utilizan o horario lectivo para reunirse, na *Hora de ler* son 5 e na materia, 11. Só 18 clubs se reúnen noutro horario.



En canto á **periodicidade**: semanal (68), quincenal (63) e mensual (65) son as máis frecuentes. Só 21 se reúnen trimestralmente e 16 tamén, teñen outra periodicidade.


LINGUAS E TEMÁTICAS

O total de títulos lidos foi de **3.232**. O lectorado participante leu en diferentes **linguas**. En galego foron 1.728 títulos (53,5%); en castelán, 1.308 (40,5%); en inglés, 85; en francés, 35; en alemán, 28; en portugués, 23 e en italiano, 11. Esta presenza de linguas ten que ver, tamén, coa adhesión das escolas oficiais de idiomas ao programa.





O 28% dos clubs de lectura teñen un **club temático**, sobre todo de banda deseñada (tamén de Manga e Anime), poesía (e prosa poética), linguas (inglés, francés, portugués, alemán), narrativa (ciencia ficción, novela histórica, de mulleres), teatro (artes escénicas e danza), de textos vinculados á ciencia (ciencias, ecoloxía, matemáticas, tecnoloxía, física e química), á historia, á filosofía, á cultura clásica, ao cine, á xeografía (viaxes literarias), música ou un club de escoita. Salientamos o incremento de clubs que acollen a diversidade e favorecen a inclusión, e tamén aqueles que promoven a igualdade e coeducación.



O **xénero** preferido dos clubs é a novela. Entre os 50 títulos máis lidos, 40 eran novelas, 5 de banda deseñada e 5 de poesía.

ACTIVIDADES

Con respecto ás **actividades** que se desenvolven nos clubs de lectura, ademais da propia lectura e posterior posta en común, pódense diferenciar aquelas que se desenvolven no propio centro como poden ser obradoiros de escrita (55), obradoiros de banda deseñada (18), representacións teatrais (30), cine/cinefórum (80) ou recitais (38).

Os obradoiros que se desenvolveron en torno ao club de lectura foron de poesía, microrrelato, oralidade, radionovela, diarios de lectura, cómic (manga fundamentalmente), ilustración, elaboración de guións de vídeo ou radio, de cultura oriental, xincanas ou de xogos de rol.



O **encuentro cos autores e autoras** é unha das actividades con máis éxito e 116 clubs tiveron a visita de escritores e escritoras e outras persoas do mundo da cultura como:

Afonso Eiré	Emma Pedreira	Miguel Anxo Fernández
Ana Alonso	Esperanza Piñeiro	Montse Fajardo
Ana Cabaleiro	Estevo Creus	Nicanor Alonso
Ana Pessoa	Eva Mejuto	Paco Roca
Andrea Barreiro	Fernando Cimadevila	Paula Carballeira
Andrea Maceiras	Fran Alonso	Pedro Feijoo
Andrés Neuman	Francisco Castro	Pedro Mairal
Antía Yáñez	Gonzalo Navaza	Pere Tobaruela
Antón Lopo	Héctor Cajaraville	Pilar Ortega
Antón Riveiro Coello	Iolanda Zúñiga	Puri Ameixide
Antonio Manuel Fraga	Iria Collazo	Ramón Blanco
Ánxela Gracián	Iria Misa	Ramón Loureiro
Anxo Fariña	José Campanari	Raquel Vázquez
Any Mit	Ledicia Costas	Raúl Vacas
Aranxa Nogueira	Lois Pérez	Rexina Vega
Arantza Portabales	Lucía Adao	Ricardo Polín
Begoña Oro	Luz Beloso	Risk
Berta Dávila	Maite Mosconi	Rosa Aneiros
Cándido Paniagua	Manoel da Costa	Rosa Montero
Carlos García Gual	Manuel Gago	Rosalía Fernández Rial
Carlos Labraña	Manuel Iglesias Turnes	Sabela Núñez
Carlos Meixide	Manuel Núñez Singala	Sechu Sende
Carlos Negro	Manuel Portas	Serafín Marcos
Carmen Quinteiro	Manuel Rivas	Silvia Cernadas
Charo Pita	Manuel Veiga	Susana Sánchez Aríns
David Lozano	Marcos Calveiro	Tamara Andrés
David Pérez Iglesias	María do Cebreiro	Víctor Rivas
Domingos Villar	María Lado	Viola Bi
Eduardo Mendoza	María López Sández	Xabier Quiroga
Eduardo Rodríguez Cunha "Tatán"	María Menéndez Ponte	Xerardo Agrafojo
Eduardo Rojas	María Oruña	Xesús Constenla
Eduarne Portela	María Reimóndez	Xosé Monteagudo
Elena Gallego	Marilar Aleixandre	Xosé Tomás
Eli Ríos	Marina Colasanti	Xurxo Mariño
Elvira Menéndez	Mercedes Ríos	Zetho Gonçalves

Varios destes encontros realizáronse por videoconferencia.



Outras das actividades que se desenvolveron foron os **apadriñamentos lectores** (en 19 clubs), tanto no propio centro como con outros centros de Educación infantil e Primaria, pero tamén en residencias de maiores.

Un total de 80 clubs organizaron actividades en torno ao **cine**: cinefórum, asistencia ao cine ou diferentes festivais (Cine Europa, Festival de Cans). A máis desenvolvida foi a de visionado de fragmentos de películas, curtametraxes e vídeos vinculados ás diferentes lecturas, ben porque existía unha versión cinematográfica ou porque a temática era de interese para o club.

En canto ao **teatro**, 30 clubs fixeron dinamización deste xénero, como actividade do centro, con pequenas representacións e lecturas dramatizadas, pero tamén representacións con sombras chinesas ou performances poéticas e de danza.

En relación ás actividades que se desenvolveron fóra do recinto escolar, 21 clubs asistiron, entre outras, á mostra de teatro grecolatino de Lugo ou a representacións teatrais como *Elisa e Marcela* da Panadaría, *Bicos con lingua* de Talía Teatro, *Language planning* dos Quinquilláns, *Anagnórise* de Limiar Teatro pero tamén de obras clásicas como *La Celestina*, *Luces de bohemia* ou *El lazarrillo*.

Entre os **roteiros literarios e excursións e viaxes con lecturas incluídas** 131 clubs saíron dos centros de ensino para coñecer lugares ou actividades vinculadas a escritores. As visitas á casa de Valle Inclán, á de Rosalía de Castro, á de Emilia Pardo Bazán, á de Pondal ou á de Manuel María; roteiros literarios como o de Curros por Celanova, Rianxo ou Pontevedra de Castelao, Guitiriz de Díaz Castro, Mondoñedo de Cunqueiro, O Courel de Novoneyra, Lugo de Fole, o roteiro pola Estrada de Antón Fraguas, A Coruña das Irmandades da Fala ou o roteiro-casa de Paco Souto achegan os espazos vitais dos escritores ao lectorado dos clubs. Tamén se fixeron percorridos a través de obras literarias, por exemplo á Costa da Morte con *Volverás golfiño* de Andrea Maceiras ou *Man de Camelle* de Carme Herme, a Vigo con *Jules Verne e o segredo das mulleres planta* de Leticia Costas, á Guarda con *Claro de lúa* de Puri Ameixide, a Cans con Carlos Meixide, á Illa de Sálvora con *Noite de Temporal* de Manuel Núñez Singala e *A canción de Sálvora* de Riveiro Coello, á Illa de Ons con *Os fillos do mar* de Pedro Feijoo, o roteiro d'A praia dos afogados de Domingos Villar, roteiro polos espazos de *Resistencia* de Rosa Aneiros, a Ribadavia coa *Memoria do silencio* de Eva Mejuto, á Ribeira Sacra con *Todo isto che darei* de Dolores Redondo ou o roteiro d' *A esmorga* de Blanco Amor por Ourense.



A **colaboración con outras bibliotecas** (59) e entidades, establécese fundamentalmente coas bibliotecas municipais, a través do préstamo de libros, de visitas, e en menor medida, participando nas súas actividades como pode ser algún club de lectura ou presentacións de libros. As visitas a bibliotecas públicas e municipais son actividades frecuentes nos clubs.


Alguns clubs adoitan **visitar librarías e feiras do libro**. Entre as finalidades, están coñecer as librarías (algunhas temáticas, de cómic ou con fondo feminista), achegarse ás novidades ou seleccionar fondos para a biblioteca escolar.

Xa é cita anual dalgúns clubs a visita ao Salón do Libro de Pontevedra. É tamén frecuente a visita a ExpOtake na Coruña ou do Comic-on de Moaña ou Tui.

COLABORACIÓNS ENTRE OS CLUBS

Os clubs adoitan **colaborar entre eles**. No curso 18/19 realizaron colaboracións interclubs **85** centros, o que representa o 35% da totalidade de participantes. Algunhas destas colaboracións están xa consolidadas no tempo como a das Tertulias de Allariz, Tertulias literarias organizadas polo concello e a Deputación de Ourense, o Grupo Dado da Coruña ou as microrredes de Ferrol e a Mariña e outras son máis puntuais, como o profesorado que promove encontros entre os clubs, aínda que mude ano a ano. Obsérvase tamén o incremento dos clubs que se reúnen por proximidade xeográfica (por exemplo a Costa da Morte, Baixo Miño, sur de Lugo, A Estrada), outros por un club temático como o manga (Comic-on de Moaña ou Tui) ou por unha actividade determinada, como *Tui le ou Lemos le*.

Outro contacto entre clubs adoita facerse a través do intercambio de libros, o denominado **Libros a oito** (<http://librosaeito.blogspot.com/>)





PRODUCCIÓN DE MATERIAIS E DIFUSIÓN

En canto á **producción de materiais**, un número significativo destes clubs elaboran presentacións (ppt, prezzi...) para achegar aos integrantes a lectura (autor/a ou obra). Tamén se elaboran por parte dalgúns clubs *booktrailers*, audiolibros, videoocreacións, videopoemas, videoanimacións, selfiesvídeo ou vídeos resumo das actividades. Cobra forza o uso da radio a través de podcast e de programas propios para a difusión e promoción de lecturas. Hai clubs que contan con canles de Youtube para falar de libros.

A **difusión das actividades** adoita facerse a través do blog propio ou a través do blog da biblioteca. Están totalmente instaladas as redes sociais (grupos de whatsapp, facebook, twitter, Instagram) como medios de difusión (ou mesmo de convocatoria) das actividades desenvolvidas polo club.

Por último, o profesorado que coordina os clubs de lectura adheridos ao programa foi convocado a actividade de encontro e formación, *XII Xornada dos Clubs de lectura*, que se desenvolveu o 7 de xuño de 2019 na Escola Galega de Administración pública en Santiago de Compostela. O programa desta xornada incluíu a entrega do Premio dos Clubs de Lectura 2019 que se vén outorgando ao autor ou autora galega máis lido/a polos clubs de lectura no curso precedente. Este galardón recibíuno nesta ocasión a escritora María Reimóndez, quen tamén impartiu unha charla na xornada. O programa contou así mesmo coa participación de María José Masanet, profesora e investigadora da Universitat Pompeu Fabra; o activista da lectura Marijn Brouckaert que falou das "lecturas compartidas" como ferramentas de intervención social; Antonio Sandoval amosou a súa experiencia como moderador dun club de lectura temático sobre ciencias da natureza e a poeta Tamara Andrés impartiu un obradoiro de poesía. Pechou a xornada a profesora, escritora e académica, Marilar Aleixandre.



Autores/as máis lidos/as nos Clubs de Lectura Curso 2018/2019		
Nº orde	Autor/a	Total (entre todos os clubs)
1	Leticia Costas	133
2	Agustín Fernández Paz	72
3	Carlos Negro	67
4	Jordi Sierra i Fabra	45
5	Andrea Maceiras	41
6	Xabier P. Docampo	38
7	María Reimóndez	35
8	Domingo Villar	33
9	Eva Mejuto	32
10	Miguelanxo Prado	31
11	Fran Alonso	30
12	Francisco Castro	29
13	Manuel Rivas	27
14	Care Santos	27
15	Marcos Calveiro	25
16	María Solar	25
17	Antía Yáñez	24
18	Manuel Núñez Singala	21
19	Ágatha Christie	20
20	Edgar Allan Poe	19
21	Roald Dahl	19
22	Iria Misa	19
23	Marila Aleixandre	18
24	Kresmann Taylor	18
25	John Boyne	17
26	René Goscinny	17
27	Mark Haddon	17
28	Héctor Cajaraville	16
29	Fina Casalderrey	16
30	Laura Gallego	16
31	César Mallorquí	16
32	R.J. Palacio	16
33	Paco Roca	16
34	Marjane Satrapi	15
35	Gemma Lienas	14
36	Jo Nesbo	14
37	Arantza Portabales	14
38	Alfonso D. Rodríguez Castelao	14
39	Chimamanda Ngozi	13
40	Philippe Claudel	12



Os 50 + lidos nos Clubs de lectura - curso 2018/2019				
Título	Autor	Gl.	Cas.	Ing. Total
A balada dos unicornios	Ledicia Costas	27	0	0 27
Penúltimas tendencias	Carlos Negro	26	0	0 26
Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta	Ledicia Costas	25	0	0 25
22 segundos	Eva Mejuto	22	0	0 22
O que sei do silencio	Andrea Maceiras	21	0	0 21
Senlleiras	Antía Yáñez	18	0	0 18
Iridium	Francisco Castro	18	0	0 18
Aplicación Instantánea	Carlos Negro	18	0	0 18
Enderezo descoñecido	Kresmann Taylor	16	2	0 18
Cartas de inverno	Agustín Fernández Paz	17	0	0 17
Os nenos da varíola	María Solar	17	0	0 17
O curioso incidente do can á medianoite	Mark Haddon	14	2	1 17
O corazón de Xúpiter	Ledicia Costas	16	0	0 16
Makinaria	Carlos Negro	16	0	0 16
Persépole	Marjane Satrapi	8	0	7 15
A praia dos afogados	Domingo Villar	13	0	0 13
Mentira	Care Santos	13	0	0 13
A mansión dos Pampín	Miguelanxo Prado	12	0	0 12
A neta do señor Linh	Philippe Claudel	8	4	0 12
Deixe a súa mensaxe despois do sinal	Arantza Portabales	12	0	0 12
Engurras	Paco Roca	12	0	0 12
La lección de August	R.J. Palacio	0	12	0 12
O último barco	Domingo Villar	11	0	0 11
Cando petan na porta pola noite	Xabier P. Docampo	11	0	0 11
Poetízate. Antoloxía da poesía galega	Fran Alonso	10	0	0 10
Fóra do normal	María Reimóndez	10	0	0 10
Memoria do silencio	Eva Mejuto	10	0	0 10
Un monstro vén a verme	Patrick Ness	6	4	0 10
O neno do pixama de raías	John Boyne	8	2	0 10
Kafka e a boneca viaxeira	Jordi Sierra i Fabra	6	4	0 10
Escarlatina, a cociñeira defunta	Ledicia Costas	9	0	0 9
La Uruguaya	Pedro Mairal	0	9	0 9
Instrucións para tomar café	Manuel Núñez Singala	9	0	0 9
Unha estrela no vento	Ledicia Costas	9	0	0 9
Nada	Janne Teller	0	9	0 9
Corredora	María Reimóndez	9	0	0 9
Ollos de auga	Domingo Villar	9	0	0 9
A evolución de Calpurnia Tate	Jacqueline Kelly	5	4	0 9
As lágrimas de Shiva	César Mallorquí	4	5	0 9
O principião	Antoine Saint-Exupéry	7	2	0 9
Europa express	Andrea Maceiras	8	0	0 8
Mamá, quero ser Ziggy Stardust	Iria Misa	8	0	0 8
A nena do abrigo de astracán	Xabier P. Docampo	8	0	0 8
Street Poems	Fran Alonso	8	0	0 8
Esmeraldina, a pequena defunta	Ledicia Costas	8	0	0 8
Verdade	Care Santos	7	0	0 7
Ardalén	Miguelanxo Prado	7	0	0 7
O xardineiro dos ingleses	Marcos Calveiro	7	0	0 7
O exército de fume	Manuel Gago	7	0	0 7
Tam	Anémona de Río	7	0	0 7